

# ACCIÓNES FORMATIVAS

## CONCELLO PONTEVEDRA

O PROCESO COMERCIAL: AS XESTIÓNES ADMINISTRATIVAS.....	2
DESEÑO ASISTIDO POR ORDENADOR .....	3
MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.....	4
ALEMÁN BÁSICO .....	5
INGLÉS A1 .....	9
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. NIVEL BÁSICO .....	13
CARRETILLEIRO.....	14

# O PROCESO COMERCIAL: AS XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS

## OBXECTIVO XERAL

- Coñecer os diferentes procesos nas operacións xestión administrativa do proceso comercial e saber como aplicarlas.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Aplicar as técnicas do procedemento de operacións de compravenda convencional.
- Aplicar a normativa mercantil e fiscal vixente nas operacións de compravenda.
- Xestionar os inventarios.

## Módulo 1

Tramitación administrativa do procedemento de operacións de compravenda convencional.

## Módulo 2

Aplicación da normativa mercantil e fiscal vixente nas operacións de compravenda.

## Módulo 3

A comunicación comercial na Telemercadotecnia.

# DESEÑO ASISTIDO POR ORDENADOR

## OBXECTIVO XERAL

- Presentar as técnicas do deseño asistido por computador nos seus conceptos básicos, incluíndo a descrición dos equipos empregados e os seus diferentes tipos, coas vantaxes e inconvenientes de cada un.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Describir os procesos de traballo con sistemas de deseño e introducir o modelado xeométrico en dúas e tres dimensións.
- Familiarizar ao alumno no manexo dos paquetes de deseño asistido coa súa utilización e as posibilidades de uso dos mesmos.

### Módulo 1.

Introdución e Conceptos básicos de CAD

### Módulo 2.

Utilidades e comandos de axuda ao debuxo

### Módulo 3.

Introdución de datos

### Módulo 4.

Creación de entidades básicas e referencias a obxectos

### Módulo 5.

Xestión por capas

### Módulo 6.

Modelos de proxectos e Anotacións

### Módulo 7.

Anotación e Simbología

### Módulo 8.

Escalas de traballo e Impresión de proxectos

# MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS

## OBXECTIVO XERAL

- obxectivo xeral deste curso é facilitar o coñecemento das normas de hixiene alimentaria no traballo cotián de todas aquelas persoas que pola súa actividade laboral teñan contacto directo ou indirecto cos alimentos durante a súa preparación, fabricación, transformación, elaboración, envasado, almacenamento, transporte, venda, subministro e servizo.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Previr e minimizar os perigos debidos ao descoñecemento ou falta de experiencia nas actividades que realiza o persoal manipulador de alimentos e que afectan a calidade hixiénico-sanitaria dos produtos alimenticios.
- Concienciar, motivar e promover a cultura da importancia social e sanitaria da súa actividade.
- Coñecer as formas correctas da manipulación e conservación dos alimentos, as normas de hixiene persoal que precisa o persoal encargado da manipulación de alimentos e as normas de hixiene das instalacións.
- Coñecer as técnicas de limpeza e desinfección da industria alimentaria.
- Coñecer as causas das intoxicacións alimentarias e previlas.

## Módulo 1. PERIGOS E ENFERMIDADES ALIMENTARIAS E A SÚA PREVENCIÓN.

Lección 1. A hixiene alimentaria

Lección 2. Métodos de conservación

## Módulo 2. PRÁCTICAS CORRECTAS E NORMAS DE HIXIENE.

Lección 3. Prácticas correctas de hixiene na manipulación de alimentos

Lección 4. Normas de hixiene persoal

## Módulo 3. APPCC E LEXISLACIÓN APLICABLE.

Lección 5. Análise de puntos de control críticos

Lección 6. Lexislación alimentaria aplicable

# ALEMÁN BÁSICO

## OBXECTIVO XERAL

- Dotar ao alumno dos coñecementos e habilidades necesarias para comezar a desenvolverse cos coñecementos máis básicos en lingua alemá.
- Preparar o exame para obter a acreditación do nivel A1 do marco común europeo de referencia para as linguas.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Aprender conceptos gramaticais básicos para facernos entender.
- Entrar en contacto co vocabulario en diferentes temáticas: vida diaria, cociña, turismo, tempo libre, traballo, saúde,...
- Aprender as pautas para redactar textos sinxelos pero necesarios (cartas, correo electrónico,...), que poderemos necesitar na túa vida laboral ou persoal.
- Facer prácticas reais de Hören, alternando situacións e conversacións con falantes de diferentes nacionalidades e acentos.
- Ler textos curtos ou fragmentos extraídos de xornais, revistas, libros, páxinas web,...
- Tomar contacto coa fala alemá e comezarás a desenvolver de forma oral.

## Módulo 1

### Grammatik (Gramática)

- Das Alphabet. Aprenderemos as letras do alfabeto alemán e a pronunciación de cada unha das letras e os ditongos. Faremos fincapé nas diferenzas co idioma galego.
- Personal pronomen. Traballaremos os pronomes persoais suxeito, mostrando unha visión xeral do seu uso e dos diferentes casos nos que se poden declinar, e parándonos no caso nominativo.
- Das Präsens. Comezaremos a tratar os verbos a través do tempo verbal Presente. Coñeceremos as terminacións de presente para cada unha das persoas de singular e plural. Isto permitiranos construír frases básicas.
- Verbos SEIN und HABEN (ser/estar e ter). Son verbos irregulares básicos, indispensables para a construción do idioma alemán.
- W-Fragen. Son os pronomes interrogativos que nos servirán para formar preguntas.

### Wortschatz (Vocabulario)

- Vorstellungen (Presentacións). Introduciremos as preguntas e repostas necesarias para darnos a coñecer en alemán e saber información persoal do noso interlocutor.
- Länder (Países). Coñeceremos os países e nacionalidades.

### Lesen und Schreiben (Ler e escribir)

- Comezaremos a ler e redactar textos curtos relacionados cos temas gramaticais e de vocabulario.

## Módulo 2

### Grammatik (Gramática)

- Das Genus. Coñeceremos os 3 xéneros do idioma alemán, remarcando as diferenzas co galego e mostraremos as xeneralidades para poder recoñecelos.
- Possessivartikeln. Traballaremos os determinantes posesivos o que nos dará pé para falar das nosas cousas e das dos demais.
- Wortstellung. Entraremos en contacto coa estrita orde da frase en alemán. Isto permitirá que sexamos capaces de construír frases sinxelas, pero gramaticalmente correctas.

### Wortschatz (Vocabulario)

- Die Familie (A familia). Coñeceremos os membros da familia, e xunto cos posesivos traballados na gramática.
- Die Zahlen (Os números). Aprenderemos os números dende o 1 ata o 1000. Remarcaremos as diferenzas co galego.

### Lesen und Schreiben (Ler e escribir)

- Leremos textos curtos relacionados coa familia. Son textos con preguntas sobre eles para comprobar a comprensión dos mesmos.

## Módulo 3

### Grammatik (Gramática)

- Bestimmter Artikel (Artigo determinado). Coñeceremos os 3 xéneros do idioma alemán a través do artigo determinado, que é o que nos dá a coñecer o xénero das palabras. Ademais entraremos en contacto coas declinacións.
- Die Plural. Veremos o difícil tema da formación do plural en alemán.
- Modalpartikeln. Coñeceremos as partículas máis usadas, o seu significado e a súa utilización.
- Unbestimmter Artikel (Artigo indeterminado). Aprenderemos o artigo indeterminado e a súa declinación, e tamén o artigo negativo, que non existe en galego.

### Wortschatz (Vocabulario)

- Einkaufen (de compras). Palabras, verbos e expresións necesarias para ir de compras con imaxes.
- Essen und Trinken (comer e beber). Aprenderemos coa axuda de imaxes os nomes dos alimentos e bebidas máis comúns.
- Preisen, Gewichten und Maßeinheiten (Prezos, pesos e medidas). Coñeceremos as unidades de medida e soltarémonos a traballar con prezos e números.

### Lesen und Schreiben (Ler e escribir)

- Leremos textos curtos relacionados coa comida. Son textos con preguntas sobre eles para comprobar a comprensión dos mesmos.

## Módulo 4

### Grammatik (Gramática)

- Die Negation (A negación). Aprenderemos as diferentes formas de negar en alemán e cando utilizar cada unha de elas.
- Fragesatz. Veremos Aprenderemos tamén a construír oracións interrogativas, tanto en afirmativa como en negativa.
- Lokale Präpositionen. Coñeceremos o seu significado remarcaremos os casos que rexe cada preposición.
- Vorlieben Ausdrücke (Expresar gustos). Expoñeremos diferentes formas de dicir o que nos gusta e o que non.
- Dominar estas expresións permitiranos falar dos nosos gustos persoais.

#### Wortschatz (Vocabulario)

- Die Farben (Colores). Veremos as cores básicas.
- Die Wohnung (A vivenda). Coñeceremos diferentes tipos de vivenda, as partes da casa e o seu mobiliario, e tamén adxectivos aplicables a este vocabulario. Ademais veremos expresións útiles.

#### Lesen und Schreiben (Ler e escribir)

- Leremos textos curtos relacionados coa vivenda. Son textos descritivos con preguntas (verdadero ou falso, relacionar texto e pregunta,...) para comprobar a comprensión.

### Módulo 5

#### Grammatik (Gramática)

- Die Deklination: Nominativo. Traballaremos en profundidade esta declinación.
- Temporale Präpositionen. Coñeceremos o seu significado remarcaremos os casos que rexe cada preposición.
- Trennbare Verben (verbos separables). Entraremos neste tema totalmente diferente ó noso idioma.

#### Wortschatz (Vocabulario)

- Alltagsaktivitäten (Rutinas). Verbos e actividades diarias básicas no día a día.
- Das Datum (A data). Veremos a data, días da semana, meses e estacións do ano.
- Die Uhrzeit (A hora). Aprenderemos a dicir a hora e as partes do día.

#### Lesen und Schreiben (Ler e escribir)

- Leremos textos curtos relacionados coas rutinas, con preguntas para comprobar a comprensión. O exercicio de escritura consiste na construción de oracións coas palabras dadas, completar textos e redactar a vida diaria.



# INGLÉS A1

## OBXECTIVO XERAL

- Entrar en contacto coa semántica, sintaxe e gramática básica da lingua inglesa.
- Preparar o exame para conseguir a acreditación do nivel A1 do marco común europeo de referencia para as linguas.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Entrar en contacto co vocabulario de diferentes temáticas: vida cotiá, rutinas diarias, familia, actividades de tempo libre, traballo, viaxes, ...
- Facer Listening, alternando situacións e conversacións con falantes de diferentes nacionalidades e acentos.
- Ler textos ou extractos de libros, revistas, periódicos, etc.
- Aprender a redactar textos sinxelos de primeira necesidade na vida laboral ou persoal (cartas, mails, etc)
- Tomar contacto coa fala inglesa e comezarse a desenvolver de maneira oral.

## Módulo 1: IDENTIFICACIÓN PERSONAL

### Obxectivos:

- Identificar e aprender formas de saúdo (formais/informais)
- Estudar os pronomes persoais, funcións, formas e usos máis frecuentes, concordancia e posición
- Aprender o alfabeto e a súa pronunciación

### Contidos teóricos:

- Datos persoais: nome; apelidos; estado civil; nacionalidade; etc.
- Alfabeto
- Expresións de interacción social: saúdos, agradecementos, presentacións e despedidas.

### Contidos prácticos:

- Exercicios sobre os conceptos máis teóricos a modo de práctica
- Material audiovisual ou gravacións (neste módulo do alfabeto e das formas de saúdo), sen distorsións e pronunciados con claridade.
- Formularios usuais para datos persoais

## Módulo 2: O VERBO “ TO BE “ ( SER/ ESTAR )

### Obxectivos:

- Estudar e identificar as concordancias básicas.
- Establecer a orde dos elementos na oración (suxeito, verbo, complementos, etc).
- Oracións declarativas afirmativas e negativas
- Os números

### Contidos teóricos:

- Uso do presente simple do verbo “to be”
- Posición dos elementos na oración.
- Forma negativa do verbo
- Conxuncións e enlaces de uso máis frecuente para as funcións que se traballan: and; but;or, because, etc .
- Expresar en termos sinxelos estados de ánimo e sensacións físicas (benestar ou malestar, frío ou calor, fame ou sede, cansazo, etc.): I’m hungry; I’m really bored; etc.

### Contidos prácticos:

- Exercicios sobre os conceptos máis teóricos a modo de práctica
- Intercambios sinxelos de información (persoal, gustos, benestar, cantidades).
- Exercicios de gramática coa finalidade de fixar os conceptos de oración afirmativa e negativa
- Xogos cos números e cantidades
- Completar diálogos sinxelos co presente de verbo “to be”

## Módulo 3. O VERBO “ TO BE “ INTERROGATIVA

### Obxectivos:

- Oracións interrogativas. Partículas interrogativas básicas.
- tempo: Horas. Partes do día. Meses do ano. Estacións
- Información de localización: Accións: Pedir información/mapas; etc.

### Contidos teóricos:

- Uso do presente simple do verbo “to be” en forma interrogativa
- Posición dos elementos na oración.
- Adverbios interrogativos máis frecuentes (what, who, when, where, etc) o Preposicións de lugar (in, on, at, next to, behind, etc)
- Identificación das horas, meses, estacións

Contidos prácticos:

- Exercicios sobre os conceptos máis teóricos a modo de práctica
- Intercambios sinxelos de información (persoal, gustos, benestar, cantidades). o Exercicios de gramática coa finalidade de fixar os conceptos da oración interrogativa
- Visualización de vídeos sobre as horas, meses, etc. para a súa correcta pronunciación
- Localizar e situar no espazo ou nun mapa: The book is on the table; The library is next to the bakery, etc.

#### Módulo 4: A POSESIÓN, VERBO “ HAVE GOT ”

Obxectivos:

- Estudar o verbo “have got” (ter) para expresar a posesión
- Estudar e identificar os membros da familia: mother, father, brother, etc .
- Adxectivos posesivos: formas e usos xerais: my; your; his; her; etc.
- Falar e expresar posesións e relacións: I have got a dog; she’s my sister; etc.

Contidos teóricos:

- Uso do presente simple do verbo “to have got” para expresar pertenza e posesión
- Posición dos elementos na oración
- Identificación dos membros da familia
- Xenitivo Saxón para indicar posesión

Contidos prácticos:

- Exercicios teóricos a modo de práctica coa finalidade de fixar os conceptos
- Redactar un breve e sinxelo texto describindo a túa familia (uso de verbo “to be” e “have got”)
- Exercicios de comprensión oral relacionados coa posesión e a familia

#### MODULO 5. O PRESENTE HABITUAL: VIDA COTIÁ E PERSOAL

Obxectivos:

- Explicación gramatical e uso do presente simple e o seu correspondente auxiliar “do”
- Identificación dos verbos das rutinas diarias: Levantarse; ducharse; vestirse; almorzar; etc
- Expresións de frecuencia: always; every day; etc Posición do adverbio na oración.

Contidos teóricos:

- Uso do presente simple nas súas tres formas: afirmativa, negativa e interrogativa o Posición dos adverbios e expresións de frecuencia
- Horarios e costumes relacionadas co tempo libre e ocio

Contidos prácticos:

- Exercicios teóricos a modo de práctica coa finalidade de fixar os conceptos do presente habitual
- Redactar un texto describindo as túas rutinas diarias, tanto durante a semana como a fin de semana
- Exercicios de comprensión escrita relacionados co tema tratado neste módulo

# PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. NIVEL BÁSICO

## OBXECTIVO XERAL

- Transmitir aos/ás alumnos/ás os coñecementos técnicos e a formación teórica-práctica necesarios para o desenvolvemento das funcións propias do nivel Básico en prevención de riscos laborais, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención en España.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Proporcionar o marco conceptual e legislativo básico na prevención dos riscos laborais.
- Proporcionar as ferramentas básicas que permitan o desempeño de funcións preventivas de nivel básico.

## Módulo 1. CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.

- Introducción á Prevención de Riscos Laborais
- Marco Normativo Básico en Materia de Prevención de Riscos Laborais

## Módulo 2. RISCOS XERAIS E A SÚA PREVENCIÓN

- Os riscos ligados ás condicións de seguridade
- Os riscos ligados ao medio ambiente de traballo
- A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral
- Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual

## Módulo 3 – PRIMEIROS AUXILIOS E EMERXENCIAS

- Nocións básicas de actuación en emerxencias e evacuación - Primeiros Auxilios
- Control da saúde dos traballadores

## Módulo 4- ELEMENTOS BÁSICOS DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- A organización da Prevención na empresa.
- Organismos Públicos relacionados coa Seguridade e Saúde no Traballo.

## Módulo 5 - RISCOS ESPECÍFICOS E A SÚA PREVENCIÓN NO SECTOR CORRESPONDENTE Á ACTIVIDADE DA EMPRESA

# CARRETILLEIRO

Temario adaptado á Norma UNE 58451:2014. “Formación de los operadores de carretillas de manutención hasta 10.000 kg”

## OBXECTIVOS

- Potenciar a cultura de seguridade, promovendo os comportamentos seguros
- Informar e sensibilizar sobre o risco do uso das carretillas elevadoras
- Difundir un referencial de condución e uso para detectar os posibles riscos
- Adecuarse ás esixencias legais no marco da Lei de Prevención de riscos laborais
- Adecuarse á Norma UNE 58451:2014. “Formación de los operadores de carretillas de manutención hasta 10.000 kg”

## Módulo 1. Descrición e características.

- Tipos de carretillas.
- Características principais das carretillas elevadoras.

## Módulo 2. A seguridade no ámbito das carretillas elevadoras.

- Identificación dos compoñentes, elementos e dispositivos de seguridade das carretillas elevadoras.
- Regras na utilización das carretillas elevadoras.
- A carga, o almacenaxe e a seguridade do carretilleiro.
- A zona de traballo e a seguridade.
- O carretilleiro e a súa seguridade.
- Equipo de protección persoal -E.P.I.-.
- Inspeccións periódicas obrigatorias das carretillas elevadoras.

## Módulo 3. Riscos na condución e manipulación de carretillas

- Riscos e a súa prevención na condución e manipulación de carretillas.

## Módulo 4. Lexislación